

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Praza dos Libros 2007

Carballo énchese de literatura durante catro días

Do 23 ao 26 de agosto haberá actividades literarias, actuacións musicais e títeres no Xardín Municipal.

Redacción - 13:30 21/08/2007

A vila de [Carballo](#) encherase do 23 ao 26 de agosto, de libros, de actividades lúdicas, participativas, divertidas e formativas para nenas e nenos e para persoas adultas. No Xardín Municipal estarán presentes autoras e autores da comarca e do país, con presentacións e sinaturas de libros, recitais, actuacións e representacións. Será unha nova edición da Praza dos Libros, a feira literaria de Bergantiños, que convivirá coa feira tradicional, polo que haberá moito máis que libros.

O programa inclúe múltiples presentacións de libros, como *Lingua, nación e identidade*, de [Xosé Ramón Freixeiro Mato](#); *As horas de María*, de Paco Souto; *Arte e parte*, de [Xurxo Borrazás](#); *Crónicas de Carballo*, de Xan Fraga; *Historia dunha lata e Lume!*, de Alberto Varela Ferreiro; *Seavia é nome de parroquia*, de Xosé Antonio Andrade; e *O bosque da Nadgor*, de Farruco Graña.

Tamén haberá sinatura de libros por parte de [Santiago Jaureguizar](#). A encargada do pregón será Mercedes Queixas Zas, secretaria xeral da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega ([AELG](#)) e coordinadora dos equipos de normalización lingüística (ENL) dos centros de ensino da provincia da Coruña. Será o xoves 23 ás 13.00 h.

Ademais, haberá moitas outras propostas, como A Fábrica da Fantasía (actividades para nenas e nenos) ou concertos de balde, como os da caboverdiana [Nancy Vieira](#) (venres 24 ás 22.30 h); [O Leo i Arremecághona](#), que presentará *Hai cu. Pintadas no váter* (o sábado 25 ás 21.30 h); ou o cantautor cubano [Norge Batista](#) (o domingo 26 ás 21.30 h). Tamén haberá títeres, o venres 24 ás 20.00 h, con [Viravolta](#). O domingo pola mañá, quen merque un libro será agasallado cun pan da marca Pan de Carballo (Un libro, un pan). As casetas estarán abertas en horario de 11.00 h a 14.00 h e de 17.30 h a 21.30 h.